

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA

*RESOLUCIÓN do 5 de decembro de 2023 pola que se fixan os criterios reguladores do curso de formación para a obtención da habilitación do persoal de control de acceso a espectáculos públicos e actividades recreativas durante o ano 2024, e se convoca a súa realización, tramitado como anticipado de gasto (código de procedemento PR471A).*

Primeiro. *Obxecto*

O obxecto desta resolución é a publicación dos criterios xerais que regularán a realización do curso de formación para a obtención da habilitación do persoal de control de acceso a espectáculos públicos e actividades recreativas ao longo do ano 2024, cuxas edicións son convocadas mediante resolución do director xeral da Agasp na páxina web da Academia Galega de Seguridade Pública: <https://agasp.xunta.gal/es> (código de procedemento PR471A).

Este curso de formación rexerese polo establecido nesta resolución e no Decreto 48/2021, do 11 de marzo, polo que se regula a actividade de control de acceso a espectáculos públicos e actividades recreativas, así como aos establecementos ou espazos abertos ao público en que se realicen.

Segundo. *Contido do curso e temario*

1. Aspectos básicos da normativa de espectáculos públicos e actividades recreativas.
2. Aspectos básicos da normativa de xogo.
3. Dereitos e deberes das persoas espectadoras e usuarias. Dereitos fundamentais.
4. Dereito de admisión.
5. Medidas de seguridade nos establecementos abertos ao público e normativa de autoprotección.
6. Normativa sobre horarios dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.



7. Réxime xurídico das persoas menores de idade.
8. Aspectos básicos da normativa en materia de igualdade.
9. Conceptos básicos de primeiros auxilios.
10. Protocolo en situacións de perigo.
11. Técnicas básicas de autocontrol en situacións de extrema necesidade.

O temario estará dispoñible na páxina web da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior na seguinte ligazón:

<https://conselleriadepresidencia.xunta.gal/informacion-espectaculos-publicos>

#### Terceiro. *Requisitos de participación*

1. Este curso vai destinado ás persoas que pretendan realizar a actividade de control de acceso a espectáculos públicos e actividades recreativas, así como aos establecementos ou espazos abertos ao público en que se realicen.

2. As persoas aspirantes deberán posuír os seguintes requisitos exixidos polo artigo 6 do Decreto 48/2021:

- a) Ser maior de idade.
- b) Ter a nacionalidade española ou dalgún dos países que integran a Unión Europea ou estar en posesión do permiso de residencia e traballo correspondentes.
- c) Carecer de antecedentes penais.
- d) Ter a aptitude psicolóxica necesaria acreditada consonte o que dispón o artigo 8.4 do Decreto 48/2021.

#### Cuarto. *Presentación de solicitudes e prazo*

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) que figura como anexo I desta resolución.



Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Para a presentación electrónica de solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

O prazo para a presentación das devanditas solicitudes, vinculada co procedemento PR471A, abrirase o día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG e permanecerá aberto ata o 2 de xaneiro de 2025.

As solicitudes para unha edición concreta do curso admitiranse ata como máximo 10 días hábiles antes da realización da dita edición do curso, segundo o calendario das edicións do curso para o ano 2024, que se publica como anexo II a esta resolución.

Cando se acade un número mínimo de 20 solicitudes, a Agasp programará a súa realización e publicará na súa páxina web a listaxe de persoas admitidas e as excluídas en cada edición que se realice e, ademais, as persoas interesadas recibirán un correo electrónico e un sms, en que se indicará toda a información relativa ao curso (data de realización e horario).

#### Quinto. *Documentación complementaria*

As persoas interesadas na realización do curso de formación deberán achegar coa solicitude o certificado de aptitude psicolóxica. Este certificado poderá ser expedido por un centro médico-psicotécnico debidamente autorizado consonte o disposto no Real decreto 170/2010, do 19 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de centros de recoñecemento destinados a verificar as aptitudes psicofísicas dos condutores, ou por persoal colexiado coa titulación de Psicoloxía ou Medicina.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

A documentación complementaria presentarase preferiblemente por vía electrónica.

Opcionalmente, as persoas interesadas poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o cal poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

#### Sexto. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante.
- b) DNI ou NIE da persoa representante.
- c) Certificado de inexistencia de antecedentes penais.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos devanditos datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

#### Sétimo. *Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude*

A sede electrónica da Xunta de Galicia permítelles ás persoas interesadas realizar trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada. Opcionalmente, as persoas interesadas tamén poderán realizar os referidos trámites presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



Oitavo. *Listaxe de persoas admitidas e excluídas do curso*

A listaxe definitiva coas persoas admitidas e excluídas publicarase na páxina web da Agasp con polo menos catro días hábiles de anterioridade ao inicio de cada edición que se leve a cabo, unha vez reunido o número mínimo de solicitudes de participación recibidas a través da sede electrónica da Xunta de Galicia.

Noveno. *Lugar, desenvolvemento e duración da realización do curso ao longo do ano 2024*

O curso desenvolverase na sede da Academia Galega de Seguridade Pública (avenida da Cultura, s/n, 36680 A Estrada, Pontevedra) e o horario das clases será das 10.00 ás 14.00 horas e das 15.30 ás 17.30 horas.

Ao remate farase un exame de coñecementos que consistirá nun test de 20 preguntas. Para obter os 5 puntos será necesario responder correctamente 10 preguntas. As respostas erróneas non descontarán para o cómputo total das correctas. A persoa encargada da dirección do curso será a responsable da súa avaliación e de expedir a acreditación de telo superado.

Cando o número de solicitudes sexa inferior a 20, suspenderase a realización do curso e os aspirantes serán inscritos na edición seguinte.

As persoas seleccionadas que non se presenten ao curso sen causa xustificada serán penalizadas e non poderán volver solicitar a inscrición nun prazo de 90 días.

Décimo. *Información para as persoas interesadas*

As persoas interesadas poderán obter información adicional sobre esta convocatoria e as seguintes a través dos seguintes medios:

a) Na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/portada>), procedemento PR471A.

b) Na páxina web da Academia Galega de Seguridade Pública (<https://agasp.xunta.gal>).

c) No enderezo electrónico [seleccion.agasp@xunta.gal](mailto:seleccion.agasp@xunta.gal)

d) Nos teléfonos da Agasp: 886 20 61 16 ou 886 20 61 09.



e) No Servizo de Coordinación, Planificación e Selección na Agasp (avenida da Cultura, s/n, 36680 A Estrada, Pontevedra).

Décimo primeiro. *Publicación dos actos*

1. Unha vez rematado, a persoa encargada da dirección do curso será a responsable da súa avaliación e da expedición da acreditación de telo superado.

2. Todos os actos derivados desta resolución se publicarán na páxina web da Academia Galega de Seguridade pública <https://agasp.xunta.gal/>

Décimo segundo. *Relación de alumnado declarado apto*

No prazo de 10 días hábiles, publicarase na páxina web da Academia Galega de Seguridade Pública a relación definitiva das persoas que superaron o curso formativo.

No prazo de 10 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación na páxina web da Academia Galega de Seguridade Pública da relación definitiva das persoas que superaron o curso formativo, cuxos datos se recompilarán desagregados por sexos, as persoas aspirantes incluídas nela deberán solicitar da dirección xeral competente en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas a expedición da habilitación (a través do procedemento PR472A), xuntando o xustificante de ter aboado a correspondente taxa administrativa para os efectos de que lles sexa expedida esta, xunto co distintivo que os identifique e acredite como persoal de control de acceso a espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público.

O feito de non presentar a solicitude nos 10 días hábiles seguintes á publicación definitiva das persoas que superaron o curso supón a perda da opción de obter a habilitación, debendo iniciar os trámites e superar un novo curso de formación.

O procedemento para a expedición da habilitación está recollido no artigo 9 do Decreto 48/2021, do 11 de marzo, polo que se regula a actividade de control de acceso aos espectáculos públicos e actividades recreativas, así como aos establecementos ou espazos abertos ao público en que se realicen.

Décimo terceiro. *Financiamento*

Os custos asociados a esta resolución financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 06.81.212A.226.17, código de proxecto 2015 00001, dos orzamentos da Agasp, polo



procedemento anticipado de gasto. O orzamento total ascende a 7.080,00 €. A tramitación do expediente está condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos do exercicio 2024, segundo o disposto no punto 3 da Orde do 27 de novembro de 2000 (DOG núm. 231, do 29 de novembro), pola que se modifica a Orde do 11 de febreiro de 1998 (DOG núm. 34, do 29 de febreiro) sobre tramitación anticipada de gasto.

Disposición derradeira

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

A Estrada, 5 de decembro de 2023

Santiago Villanueva Álvarez  
Director xeral da Academia Galega de Seguridade Pública




**ANEXO I**

<b>PROCEDEMENTO</b> ADMISIÓN AO CURSO PARA A OBTENCIÓN DA HABILITACIÓN DO PERSOAL DE CONTROL DE ACCESO A ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS	<b>CÓDIGO DE PROCEDEMENTO</b> <b>PR471A</b>	<b>DOCUMENTO</b> SOLICITUDE
---	--	--------------------------------

<b>DATOS DA PERSOA SOLICITANTE</b>							
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
PARROQUIA	LUGAR						
<input type="text"/>	<input type="text"/>						
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					
DATA DE NACEMENTO	<input type="text"/>						

<b>E NA SÚA REPRESENTACIÓN</b> (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

<b>DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA</b>
<input type="checkbox"/> Certificado de aptitude psicolóxica

<b>COMPROBACIÓN DE DATOS</b>	
Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	<b>OPÓÑOME Á CONSULTA</b>
DNI ou NIE da persoa solicitante	<input type="checkbox"/>
DNI ou NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
Certificado de inexistencia de antecedentes penais	<input type="checkbox"/>

CVE-DOG: dsm1b7o9-3jj6-zom8-6mr9-icrl2sndhmb9





**ANEXO I**  
(continuación)

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Academia Galega de Seguridade Pública.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Legitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poder públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina ( <a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a> ) e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en ( <a href="https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos">https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos</a> ).
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	( <a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a> )

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Decreto 48/2021, do 11 de marzo, polo que se regula a actividade de control de acceso a espectáculos públicos e actividades recreativas, así como aos establecementos ou espazos abertos ao público en que se realicen.
- Resolución do 5 de decembro de 2023 pola que se fixan os criterios reguladores do curso de formación para a obtención da habilitación do persoal de control de acceso a espectáculos públicos e actividades recreativas durante o ano 2024, e se convoca a súa realización, tramitado como anticipado de gasto (código de procedemento PR471A).

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

 ,  de  de 

Academia Galega de Seguridade Pública



**ANEXO II****Calendario das edicións do curso de formación para a obtención da habilitación do persoal de control de acceso a espectáculos públicos e actividades recreativas durante o ano 2024**

Xoves, 18 de xaneiro.

Martes, 13 de febreiro.

Xoves, 21 de marzo.

Sábado, 20 de abril.

Martes, 21 de maio.

Xoves, 20 de xuño.

Martes, 16 de xullo.

Sábado, 21 de setembro.

Xoves, 17 de outubro.

Martes, 12 de novembro.

Martes, 17 de decembro.

